

CONCELLO DE VIGO
CONCELLERÍA DE ORZAMENTOS E FACENDA

Expediente 64/142

Orzamento: 2020

Expediente N.º: 64/142

Asunto: Aprobación das Liñas Fundamentais do Orzamento

Procedemento: Aprobación das Liñas Fundamentais do Orzamento

Data de iniciación do expediente: 22 de xullo de 2019

Data límite para a súa remisión : 13 de setembro 2019

PROPOSTA DA CONCELLERÍA DELEGADA DE ORZAMENTOS E FACENDA

De acordo co ordenado mediante Resolución de Alcaldía-Presidencia da data da sinatura electrónica (31/07/2018), e en execución das competencias delegadas en materia de Orzamentos e Facenda por Resolución de 19 de xullo de 2015, fórmase proposta de aprobación das Liña Fundamentais do Orzamento para o ano 2019.

Antecedentes de feito

PRIMEIRO. Aprobación dos obxectivos de regras fiscais de Estabilidade orzamentaria, Regra de Gastos e endebedamento.

Consello de Ministros, sesión do 7 de xullo de 2017.

Prorroga dos obxectivos aprobados polo Consello de Ministros o 7 de xullo de 2017 para o período 2018-2020.

SEGUNDO. Con data 22 de xullo de 2019, creouse o expediente e iniciouse procedemento para a formación e aprobación das Liñas Fundamentais do Orzamento para o ano 2020.


TERCEIRO. Elaboráronse as preceptivas directrices para a formación das Liñas Fundamentais do Orzamento.

CUARTO. Pola Intervención e polo responsable superior contable e orzamentario emitíuse informe ao respecto, previo cálculo segundo as directrices do Orzamento previsto en termos aproximados para o ano 2020, que será enviado ao Ministerio de Facenda.

Lexislación aplicable

A Directiva 2011/85/UE do Consello de 8 de novembro de 2011, sobre os requisitos aplicables aos marcos orzamentarios dos Estados Membros.





CONCELLO DE VIGO
CONCELLERÍA DE ORZAMENTOS E FACENDA

Expediente 64/142

O artigo 27 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de Abril, de Estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Os artigos 4, 5, 6 e 15 da Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

O artigo 168.1 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Regulamento (UE) nº 549/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, de 21 de maio de 2013, relativo ao Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais da Unión Europea.

Regulamento (CE) nº 1466/97 do Consello de 7 de xullo de 1997, relativo ao reforzamento da supervisión das situacións orzamentarias e á supervisión e coordinación das políticas económicas, coa modificación operada polo Regulamento 1175/2011, de 16 de novembro, do Parlamento e do Consello

Visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable procedendo a súa aprobación polo Alcalde de conformidade co establecido no artigo 168.1 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Por iso, de conformidade co establecido no artigo 175 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formúlase a seguinte proposta de Resolución:

Proposta de Resolución

PRIMEIRO. Aprobar as Liñas Fundamentais do Orzamento elaborado por esta Entidade Local para o perímetro de consolidación nos termos do SEC 2010, que servirán de base para a elaboración do Orzamento do ano 2020.

SEGUNDO. Remitir as Liñas Fundamentais do Orzamento do Grupo Concello de Vigo ao Ministerio de Facenda polos medios telemáticos habilitados ao efecto.

TERCEIRO. Dar conta da Resolución ao Pleno da Corporación, remitindo o expediente completo.

CUARTO. Notificar ao Sr. Interventor aos efectos de asinar a remisión.

LG/

En Vigo, á data da sinatura electrónica

O Concelleiro Delegado de Orzamentos e Facenda: Jaime Aneiros Pereira

Resolución da Alcaldía-Presidencia de 18 e 26 de xullo de 2019



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 10/12/2019 08:34

Páxina 2 de 2

Expediente 64/142

CSV: 2FE5CH-D7CCA6-5FDF3C-RVRMLU-QTZWD1-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>